

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A CENTRAL SINDICAL INDEPENDENTE E DE FUNCIONARIOS (CSI-F GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don José Francisco Méndez Castro, co DNI número 32433755Y, presidente da Unión Autonómica de Galicia da Central Sindical Independente e de Funcionarios de Galicia (CSI-F Galicia), co CIF número G70228713, que actúa no seu nome e representación en virtude dos poderes conferidos polo presidente nacional da CSI-F perante o notario de Madrid, don Carlos Rives Gracia, o día 13 de novembro de 2007.

EXPOÑEN

- Que a Central Sindical Independente e de Funcionarios de Galicia (en diante, CSI-F Galicia) é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especialmente os seus artigos 1, 2 e 3, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia, que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Que á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, correspóndenlle, entre

outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

- Que ambas as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén de favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Neste plan recóllense unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.

- Que, de acordo co citado marco legal, lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover o emprego progresivo da lingua galega, de maneira que as xentes en todos os ámbitos sociais coñezan en igual medida o galego e o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas, entre as que se atopan os sindicatos.

- Que CSI-F Galicia é un sindicato de ámbito nacional que ten unha gran representatividade en Galicia e, especialmente, no eido da Administración autonómica, onde conta cun gran número de afiliados. Este sindicato desexa colaborar en materia de normalización lingüística promovendo as actuacións que sexan necesarias para conseguir implantar progresivamente o uso do galego no seu funcionamento na Comunidade Autónoma galega. Estas actuacións, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador mediante a sinatura de convenios tamén se fai extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio.

- Que, de acordo con este marco legal, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e CSI-F Galicia fan explícita a súa inequívoca vontade de colaborar na aplicación da Lei de normalización lingüística e no desenvolvemento de actuacións destinadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior no ámbito de actuación deste sindicato e nas súas relacións coa cidadanía.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2024, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e CSI-F para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actividades orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os eidos da sociedade.

Segunda. Obrigas de CSI-F Galicia

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e do Plan xeral de normalización da lingua galega, CSI-F Galicia realizará as seguintes actuacións:

1. Elaboración de contidos en bilingüe, con predominio da lingua galega, da súa páxina web www.csif.es/galicia.
2. Elaboración de contidos en galego da web www.csif.gal.
3. Elaboración de contidos en bilingüe, con predominio da lingua galega, da páxina web www.heraldtoupeiras.es (boletín independente dos empregados públicos).

4. Elaboración en lingua galega da páxina web da Fundación Raizame (www.raizame.es).

5. Elaboración de contidos en bilingüe, con predominio da lingua galega, das redes sociais:

Facebook:

<https://www.facebook.com/herald.toupeiras>

<https://www.facebook.com/csifgaliciaensino>

<https://www.facebook.com/Csif-Galicia-108070235121082>

Twitter:

[@GaliciaCsif](https://twitter.com/GaliciaCsif)

[@CsifEnsino](https://twitter.com/CsifEnsino)

[@IgualdadCSIFGalicia](https://twitter.com/IgualdadCSIFGalicia)

6. Elaboración de contidos en galego da revista *A queima da sanidade* en formato papel e en formato web.

7. Elaboración de contidos en galego da revista *Novas de ensino*, en formato papel e en formato web.

8. Edición en galego de material de representación, de oficina e de publicidade.

9. Elaboración en galego e distribución de calendarios e carteis.

10. Elaboración en galego de comunicacións internas e externas a través de correo electrónico e correo postal.

Terceira. Modificación do convenio/redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións recollidas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a

correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto, sen que se produza unha modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio e sen que comporte, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Estas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua comprométese a lle facilitar, cando sexa preciso, a CSI-F Galicia o apoio e o asesoramento técnico en relación cos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de 1000,00 €, con cargo á aplicación 43.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). O código do procedemento é o seguinte: PR004A.

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, CSI-F Galicia presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2024, a seguinte documentación:

- . Unha certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa xustificación dos gastos que orixine a súa execución, que se realizará mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . No caso de que se publiquen traballos, entregarse nesta secretaría xeral un exemplar para o control das actividades que se prevén no convenio.
- . Unha ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento) cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén se indicará, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións, coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

Para percibir a mencionada axuda, CSI-F Galicia queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas,

ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de asinar este convenio e para realizar o pagamento, CSI-F Galicia presentará na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día coas obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día coas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para que solicite as certificacións que deban emitir a Axencia da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de asinar este convenio e para proceder ao pagamento, CSI-F Galicia presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas que teña solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. No caso de que non conte con ningunha axuda, deberá presentar unha declaración de que só percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, CSI-F Galicia deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza un incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, CSI-F Galicia comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CSI-F Galicia procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

CSI-F Galicia facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización

lingüística. Así mesmo, respectarase rigorosamente a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase unha causa específica de resolución deste convenio.

Oitava. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de datos nacional de subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para que inclúa e faga públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10/12/2013), e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mais o resto das especificacións que este contén poidan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outórgase o consentimento para que se publiquen as axudas

concedidas nos rexistros públicos referidos e se indique a entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención da outra e deste convenio.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024. Non obstante, poderá extinguirse polo acordo mutuo e voluntario das partes, pola desistencia dalgunha delas ou pola súa denuncia por mor do incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación. O convenio abranguerá as accións obxecto deste que realice a entidade desde o 1 de xaneiro.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes de CSI-F Galicia.

Esta comisión, que estará presidida por unha das persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica ningún tipo de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación dos resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades previstas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, as persoas que representen unha interesada ou interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e as empregadas e empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregada ou empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación

(persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Desagregación de datos por sexo

En cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación, toda recollida de datos relativa ao convenio deberá incluír variables que posibiliten o coñecemento da diferente situación e os resultados reflectiranse por separado en función do sexo. Esta cláusula será aplicable para o caso de que se realicen estatísticas e/ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio.

Décimo sétima. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio, respectaranse as esixencias establecidas no Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE do 06/12/2018), e adoptaranse as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo oitava. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán as esixencias establecidas na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG do 26/07/2019), que

será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Esta lei tamén lle será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicos dos que sexan lexítimos titulares, usarán a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e respectarán a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei].

Décimo novena. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións. Por outra banda, aterase ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Así mesmo, este convenio estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

Galicia da CSI-F Galicia

José López Campos

José Francisco Méndez Castro